

**RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA  
DE 21 DE FEBREIRO DE 2023**

**1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00009280Q.**

[Ratificación da urxencia da convocatoria. ]

Ratifícase a urxencia.

**2. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE. Referencia: 2023/00006216B.**

[Expediente de modificación de crédito mediante crédito extraordinario co número 2023-CREXT-01 de importe 20.000,00 euros, e de aprobación de subvencións nominativas do exercicio 2023. ]

Acórdase:

**PRIMEIRO:** Apróbase inicialmente o expediente de crédito extraordinario co número 2023-CREXT-01 con base ao contido do informe proposta que forma parte do expediente, por un monto global de VINTE MIL EUROS (20.000,00 euros) coa finalidade de recoñecer no orzamento actual unha nova subvención nominativas para o fomento e promoción de dinámicas deportivas de activación dentro do municipio, financiado con baixas por anulación para a entidade Moto Club Móvete na Moto.

**SEGUNDO:** Aprobar o estado de gastos do capítulo IV do orzamento xeral do Concello para o exercicio 2023, recollendo a relación de entidades beneficiarias relativas ás subvencións nominativas, importes máximos anuais e finalidades destas axudas no exercicio 2023, que figurarán recollidos individualmente en cadansúa aplicación orzamentaria específica. **Son 70 subvencións nominativas por unha achega total de 1.565.908 euros.**

**TERCEIRO:** Na tramitación deste expediente de crédito extraordinario e de modificación do estado de gastos do capítulos IV do orzamento municipal do exercicio 2023, serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente expoñerase ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

**CUARTO:** Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de crédito extraordinario 2023-CREXT-01, e de modificación do estado de gastos do capítulo IV do orzamento municipal do exercicio 2023, se contra él non se formulase ningunha reclamación, procedendo á publicación do resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

**3. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE. Referencia: 2023/00008756K.**

[Suplemento de crédito 2023-SUPLE-01, de importe 525.175,86 €, no proxecto de gasto 2022/2/NGPLA/26 e 2023/2/NGPAV/2 que complete a achega municipal necesaria neste exercicio para o desenvolvemento dos proxectos "Plataforma Loxística de distribución de mercadorías no Casco Histórico" e "Rehabilitación integral do complexo deportivo de Santa Isabel e do pavillón polideportivo de Vite". ]

Acórdase:

**PRIMEIRO:** Aprobar o expediente de suplemento de crédito baixo o número de expediente 2023-SUPLE-01\_I por importe de **227.837,73 EUROS** para completar a achega municipal deste exercicio (10% do custe elixible do proxecto mais o IVE) que posibilite a execución do proxecto subvencionado pola UE no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado con fondos NextGenerationEU denominado **“Plataforma Loxística de distribución de mercadorías no Casco Histórico de Santiago de Compostela”**.

**SEGUNDO:** Aprobar o expediente de suplemento de crédito baixo o número de expediente 2023-SUPLE-01\_II por importe de **297.338,13 EUROS** para dotar a achega municipal deste exercicio (fondos propios do proxecto mais o IVE) que posibilite a execución do proxecto subvencionado pola UE no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado con fondos NextGenerationEU denominado **“Rehabilitación integral do complexo deportivo de Santa Isabel e do pavillón polideportivo de Vite”**.

**TERCEIRO:** Dar traslado ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, para a súa aprobación inicial.

**CUARTO:** Na tramitación deste expediente de suplemento de crédito 2023-SUPLE-01 serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente se expoñerá ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL, sen prexuízo do seu carácter inmediatamente executivo ao abeiro do establecido na disposición adicional 7ª do Real Decreto-lei 36/2020, de 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

**QUINTO:** Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de suplemento de crédito 2023-SUPLE-01 se contra el non se formulase ningunha reclamación, e publicárase o resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no

#### **4. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00009280Q.**

Declaración de ausencia de conflito de intereses en expediente de contratación/subvencións.

Os membros presentes da Xunta de Goberno Local declaran:

Expediente: 2022/00059708P.

CONTRATO: “

“Aprobar o expdte de contratación da tramitación dun contrato derivado do acordo marco da AMTEGA da subministración de licenzas para a ampliación da solución da protección avanzada (ERD)”.

Ao obxecto de garantir a imparcialidade no procedemento de contratación arriba referenciado, os membros da Xunta de Goberno Local, como participantes no proceso de preparación e tramitación do expediente, declaran:

Primeiro. Estar informados do seguinte:

1. Que o artigo 61.3 «Conflito de intereses», do Regulamento (UE, Euratom)

2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, de 18 de xullo (Regulamento financeiro da UE) establece que «existirá conflito de intereses cando o exercicio imparcial e obxectivo das funcións véxase comprometido por razóns familiares, afectivas, de afinidade política ou nacional, de interese económico ou por calquera motivo directo ou indirecto de interese persoal.»

2. Que o artigo 64 «Loita contra a corrupción e prevención dos conflitos de intereses» da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ten o fin de evitar calquera distorsión da competencia e garantir a transparencia no procedemento e asegurar a igualdade de trato a todos os candidatos e licitadores.

3. Que o artigo 23 «Abstención», da Lei 40/2015, de 1 outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, establece que deberán absterse de intervir no procedemento «as autoridades e o persoal ao servizo das Administracións en quen se dean algunhas das circunstancias sinaladas no apartado seguinte», sendo estas:

a) Ter interese persoal no asunto de que se trate ou noutro en cuxa resolución puidese influír a aquel; ser administrador de sociedade ou entidade interesada, ou ter cuestión litixiosa pendente con algún interesado.

b) Ter un vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable e o parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo, con calquera dos interesados, cos administradores de entidades ou sociedades interesadas e tamén cos asesores, representantes legais ou mandatarios que interveñan no procedemento, así como compartir despacho profesional ou estar asociado con estes para o asesoramento, a representación ou o mandato.

c) Ter amizade íntima ou inimidade manifesta con algunha das persoas mencionadas no apartado anterior.

d) Intervir como perito ou como testemuña no procedemento de que se trate.

e) Ter relación de servizo con persoa natural ou xurídica interesada directamente no asunto, ou prestarlle nos dous últimos anos servizos profesionais de calquera tipo e en calquera circunstancia ou lugar».

Segundo. Que non se atopan incursos en ningunha situación que poida cualificarse de conflito de intereses das indicadas no artigo 61.3 do Regulamento Financeiro da UE e que non concorre na súa/s persoa/s ningunha causa de abstención do artigo 23.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público que poida afectar o procedemento de licitación/concesión.

Terceiro. Que se comprometen a por en coñecemento do órgano de contratación, sen dilación, calquera situación de conflito de intereses ou causa de abstención que dea ou puidese dar lugar ao devandito escenario.

Cuarto. Coñecen que unha declaración de ausencia de conflito de intereses que se demostre que sexa falsa carrexará as consecuencias disciplinarias, administrativas e/ou xudiciais que estableza a normativa de aplicación.

##### **5. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00059708P.**

Aprobación do expediente *Despregue de tecnoloxías de detección e resposta no punto final, endpoint (EDR)*, cun orzamento base de licitación de 47.074,45 €.

Acórdase:

**Primeiro:** Aprobar o expediente de contratación que ten por obxecto a tramitación dun Contrato Derivado do Acordo Marco da Amtega da Subministración de Licenzas para a Ampliación da Solución de Protección Avanzada (EDR) (expediente amt-2022-0065) para a subministración de 850 unidades do EDR Cytomic no marco do proxecto “Despliegue de SOC para el ayuntamiento de Santiago de Compostela” financiado coa

convocatoria 2021 de Subvencións para Proyectos de Modernización e Dixitalización no ámbito das Administracións das Entidades Locais (Orde TER/1204/2021) Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU cun orzamento base de licitación de 47.074,45 € (base imponible de 38.904,50 € máis IVE do 21% por importe de 8.169,95 €).

**Segundo:** Abrir ao abeiro do disposto nos artigos 219 a 222 da LCSP o procedemento de adxudicación do dito contrato baseado no acordo marco formalizado pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia o día 24/08/2022 con TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, SA con NIF A78053147. A tramitación, adxudicación, formalización e execución do contrato baseado rexeráse polos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexen o acordo marco e pola normativa aplicable a ese tipo de contratos.

**Terceiro:** Ordear o envío da invitación á única empresa adxudicataria, TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, SA con NIF A78053147, e solicitarlle a seguinte subministración que terá un prazo máximo de entrega de 1 mes:

- 850 unidades de Licenzas Cytomic Ionic, Cytomic SIEM Connect e Cytomic Patch para a protección dun equipo con garantía de 5 anos.

Cuarto: Autorizar un gasto total por importe de 47.074,45 € que se imputará á aplicación orzamentaria 030 92001 6410001 (Proxecto de gasto: 2022 2 NGINF 11 1).

Quinto: Nomear responsables do contrato a Marcos Valiño García, Director da Área de Modernización, Innovación e Calidade da Administración Local, e a Jesús Rodríguez Castro, o Xefe do Servizo de Informática.

## **6. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00047712H.**

Aprobación do expediente de contratación da Subministración de electrónica de rede para a ampliación da infraestrutura de comunicacións e mobilidade do concello de Santiago de Compostela cun orzamento base de licitación de 169.995,50 euros – cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional da Unión Europea. Acórdase:

Primeiro: Aprobar o expediente denominado Subministración de electrónica de rede para a ampliación da infraestrutura de comunicacións e mobilidade do concello de Santiago de Compostela cofinanciado nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional da Unión Europea cun orzamento base de licitación de 169.995,50 € (base imponible de 140.492,15 € máis IVE do 21% por importe de 29.503,35 €)

Segundo: Abrir o procedemento aberto simplificado de adxudicación.

Terceiro: Aprobar o gasto correspondente por importe de 169.995,50 € que se imputará á aplicación orzamentaria 030 92001 626000 (Código de proxecto: 2018 2 EDUSI 6 1).

## **7. PRESIDENCIA E TURISMO. Referencia: 2023/00009306L.**

Aprobación da solicitude de axuda ao amparo da convocatoria de subvencións á concellos para o apoio, promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico de Galicia para gastos da Semana Santa de Santiago de Compostela do ano 2023, convocada mediante resolución do 26 de decembro de 2022 da Axencia Turismo de Galicia (código TU500A, DOGA núm.17 do 25 de xaneiro de 2023).

Acórdase:

Primeiro. Aprobar a solicitude de axuda ao amparo da convocatoria de subvencións á concellos para o apoio, promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico

de Galicia para gastos da Semana Santa de Santiago de Compostela do ano 2023, convocadas mediante RESOLUCIÓN do 26 de decembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos para o apoio, promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico de Galicia código TU500A (DOGA núm.17 do 25 de xaneiro de 2023) convocadas pola Axencia de Turismo de Galicia, por importe de 4.456,43 €

Segundo. Acolleuse ao convenio marco entre a Axencia de Turismo de Galicia e a entidade financeira ABANCA para o “apoió á promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico na Comunidade Autónoma de Galicia” polo que esta entidade financeira achega para a promoción da festa un importe de 1.500 euros.

Terceiro. Aprobar a tramitación dos gastos descritos na partida orzamentaria 070 92501 2279900 COMUNICACIÓN. TRABALLOS REALIZADOS POR OUTRAS EMPRESAS do Centro Xestor 33 Ordenación e Promoción Turística